

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día cinco de febreiro de dous mil dezaoito ; as once horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona María López Touza e Don Javier Iglesias Sendín. –

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado quince de xaneiro de dous mil dezaoito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 1172/2017 RIB / N/123.4/16

Visto o escrito presentado por **Don José Luis Raña Cuña** , onde solicita Licenza de Obras segundo documentación refundida do Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda , redactado polo arquitecta dona María Eulalia Torres Carro, colexiada nº 2342 , visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 22 de novembro de 2016, 24 de febreiro de 2017 e de 4 de xullo de 2017.

Consta documentación refundida do Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda , redactado polo arquitecta dona María Eulalia Torres Carro, colexiada nº 2342 , visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 22 de novembro de 2016, 24 de febreiro de 2017 e de 4 de xullo de 2017.

Consta no expediente Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural co Acordo da Comisión Territorial de Ourense do Patrimonio histórico galego , en sesión ordinaria de 26 de maio de 2017, autorizando a actuación de rehabilitación.

Consta no expediente informe favorable da Sra Arquitecta municipal dona Mercedes Álvarez López de 29 de xaneiro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data 2 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzia a Don José Luis Raña Cuña licenzia de obras , segundo documentación refundida do Proxecto básico e de execución de rehabilitación de vivenda , redactado polo arquitecta dona María Eulalia Torres Carro, colexiada nº 2342 , visado polo Colexio Profesional de Arquitectos de Galicia con data de 22 de novembro de 2016, 24 de febreiro de 2017 e de 4 de xullo de 2017 en Ramal nº 22 (na solicitude 18) Francelos, referencia catastral 9611620NG6891S0001US.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenzia levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenzia concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenzia de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenzia urbanística á obtención da correspondente licenzia de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenzia de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenzia de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenzia de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenzia, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Vivenda

Contía na que se orzan as obras: 75.000,00 €

Situación e emprazamento das obras: Ramal 22, Francelos.

Nome ou razón social do promotor: José Luis Raña Cuña

Prazos: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezaioito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenzia de Obras.

Liquidación do ICIO: Tendo en conta que con data 24/11/2016, o interesado abonou en concepto de liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a contía de 1.950 euros, non procede a práctica de liquidación complementaria.

OUTRAS CONDICIONS.-

-Antes do inicio das obras deberán presentarse os correspondentes Oficinos de designación de técnicos de Dirección da Execución das Obras e de Coordinación en materia de seguridade e saúde.

-Para evitar a ocupación continuada do vial público pola peza metálica para o acceso rodado á parcela, esta deba ser o suficientemente lixeira para a súa colocación soamente no momento de acceso do vehículo, procedéndose inmediatamente á súa retirada.

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde , recollidas na normativa aplicable.

Así mesmo tomaranse ás medidas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios do vial público. Manterase en todo momento a limpeza do vial público.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

- Escrito de dona Delfina Espiñeira Taboada que solicita “ que o concello de Ribadavia de acordo a lei vixente:1º garanta o suministro de auga aos veciños de Camporredondo en xeral, incluíndo o meu propio domicilio. 2º Que de maneira urxente e temporal tome as medidas pertinentes para ter auga pública sen máis excusas nin dilacións. A xunta de goberna acorda acceder ao solicitado na medida das posibilidades do concello.”

- Escrito de dona Rebeca Areda Taboada , presentando informe de vida laboral e solicitando que se comprobren os trienios que lle corresponden.

A xunta de goberno acorda:

- Recoñecer dos trienios de antigüidade a traballadora dona Rebeca Areda Taboada.
- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería.

- Escrito de dona Sonia María Fernández Sobrino , presentando informe de vida laboral e solicitando que se comprobren os trienios que lle corresponden.

A xunta de goberno acorda:

- Recoñecer un trienio de antigüidade a traballadora dona Sonia María Fernández Sobrino.
- Dar traslado do presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería.

-Escrito de dona Pura Concepción Bouzas Rodríguez, no que expón :” en la calle Riego de Agua hay un pub (MVP) que nos está causando molestias “ e solicita “ me comuniquen por escrito el horario de apertura y cierre del local según licencia municipal”.

A xunta de goberno acorda comunicarlle :

Que a Orde de 16 de xuño de 2005 pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia , publicado no Diario Oficial de Galicia nº 117 de 25 de xuño de 2005, no artigo 1 Fixación de horarios dispón : os establecementos públicos poderán exercer a súa actividade, como máximo ata as horas sinaladas que seguen a continuación : 2.6.4 pubs 4:00 h.

Artigo 3 Horarios de apertura. Os pubs non poderán ser abertos antes das 10:00 da mañá.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 15.01.2018 relativo a expediente de compensación de débedas.

-Da Xefa do Servizo de Orientación Laboral da Consellería de Economía , Emprego e Industria , autorizando o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados ao abeiro da orde de 8 de marzo de 2017 e que, rematando a súa vixencia en data 31/01/2018, constan na solicitude presentada polo concello de Ribadavia de data 25/01/2018.

-Da Deputación Provincial de Ourense , Area de Infraestruturas; asunto: solicitude de información para valoración de traballos, solicitando: “ que nos envíen unha relación das estradas nas que se queren realizar os traballos e os puntos quilométricos nos que se vai a actuar, así coma calquera outra información que poida facilitar a ubicación e definición das actuacións solicitadas. A xunta de goberno acorda comunicar os seguintes:

Sampaio: rúa da Igrexa, rúas vivendas sociais.

Esposende: camiño Igrexa, camiño da Airoa.

Prexigueiro: camiño Trigueiriña.

Francelos:rúa Portalaxe, rúa Formigueira.

San Cristovo: camiño de cemiterio, camiño Río Frio, rúa de Atrás.

Foz: rúa da Foz.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA

Visto o proxecto de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia” de data de xuño de 2017 redactado polo enxeñeiro do medio rural don Salvador Añel Prada.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2:” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación de proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e do planeamento en vigor”

Visto o informe da arquitecta municipal de data 13 de setembro de 2017 , que incorporase como motivación ao presente acordo, no que se indica: “ Ditas obras realízanse sobre camiños existentes, e que veñen contemplados nas planimetrías das NNSSPM e na cartografía do catastro . Trátase polo tanto de obras de mantemento e conservación de vías públicas, actuacións encadradas no artigo 135 Deberes de uso, conservación e rehabilitación da LSG. Dase tamén cumprimento ao establecido no artigo 37 da Lei 2/2016 , do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A xunta de goberno local acorda:

-Aprobar o proxecto de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia “ de data de xuño de 2017 redactado polo enxeñeiro don Salvador Añel Prada.

CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA”

Considerando que con data esta mesma data esta xunta de goberno acordou:

Visto o proxecto de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia” de data de xuño de 2017 redactado polo enxeñeiro do medio rural don Salvador Añel Prada.

Vista a Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 147.2:” As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación de proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e do planeamento en vigor”

Visto o informe da arquitecta municipal de data 13 de setembro de 2017 , que incorporase como motivación ao presente acordo, no que se indica: “ Ditas obras realízanse sobre camiños existentes, e que veñen contemplados nas planimetrías das NNSSPM e na cartografía do catastro . Trátase polo tanto de obras de mantemento e conservación de vías públicas, actuacións encadradas no artigo 135 Deberes de uso, conservación e rehabilitación da LSG. Dase tamén cumprimento ao establecido no artigo 37 da Lei 2/2016 , do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A xunta de goberno local acorda:

-Aprobar o proxecto de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia “ de data de xuño de 2017 redactado polo enxeñeiro don Salvador Añel Prada.

No expediente constan:

-Proxecto de Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia asinado polo enxeñeiro don Salvador Añel Prada de data de xuño de 2017..

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado polo alcalde de data 2 de febreiro de 2017

-Informe de secretaría de data 2 de febreiro de 2017.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda:

- 1- Aprobar o expediente de contratación , mediante procedemento negociado sen publicidade para a obra de “ Mellora de camiños municipais no concello de Ribadavia”
- 2-Aprobar un gasto por importe de 44.391,98 euros , IVE engadido.
- 3-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares.
- 4- Invitar, alomenos, a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económicas para a execución de dita obra , relacionando o Sr alcalde ás seguintes empresas a invitar:Excoviga SI, Aopil SI, Daniel Novoa Iglesias.

NOMEAMENTO DE AVOGADO .-

Visto o recurso contencioso-administrativo presentado por Don Alexandro Alvarez-Valeiras , ante o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Ourense, procedemento núm.0000308/2017-D contra desestimación de recurso de reposición en materia de imposto sobre incremento de valor dos terreos de natureza urbana, , a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. O personamento no recurso contencioso-administrativo presentado por don Alexandro Alvarez Valeiras contra o citado acto administrativo..
2. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete.
3. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios para a execución do referido acordo.

APROBACION DAS BASES ENTROIDO 2018.-

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a participación das camparsas no Entroido 2018.

RESOLUCION DO 4 DE XANEIRO DE 2018 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCION E DIFUSION AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA PARA O ANO 2018.-

“Vista a Resolución do 4 de xaneiro de 2018, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a Concellos para o apoio, promoción e difusión as festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2018, publicada no DOGA nº 24, de 2 de febreiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución e solicitar a correspondente subvención comprometéndose a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución.

RESOLUCION DO 2 DE XANEIRO DE 2018, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION, EN REXIMEN DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DECLARADOS MUNICIPIOS TURÍSTICOS E A XEODESTINOS DE GALICIA PARA A CONTRATACION DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO NOS MESES DE XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO PARA O ANO 2018.-

“Vista a Resolución do 2 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia para a contratación de persoal nas oficinas de Turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro para o ano 2018, publicada no DOGA nº 22, de 31 de xaneiro de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención e comprometerse a financiar o importe das actividades que non resulte subvencionado ao abeiro desta Resolución ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na referida Resolución”.

PETICION DE SUBVENCIONS.-

Orde do 4 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servicios municipais, destinadas os concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante de xestión compartida.

O abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servicios municipais, destinadas os concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante de xestión compartida, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollese a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora das infraestructuras da Casa de Cultura”, por importe de 58.974,42 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

PETICION DE SUBVENCION.-

Orde do 21 de Decembro de 2017 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da

liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.-

Vista a Orde do 21 de Decembro de 2017 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2018 para o proxecto denominado “Substitución de carpinterías exteriores para mellora de eficiencia enerxética do Concello de Ribadavia” por importe total de 39.930 euros.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 21 de decembro de 2017 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvención para o ano 2018 a concellos de Galicia, na liña de concorrencia non competitiva e na liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental.

3º.- Poner a disposición os terreos onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cál solicítase a subvención.

TOMA COÑECEMENTO DE EXPEDIENTE DE XERACION DE CREDITOS Nº 19/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación e toma coñecemento da aprobación con data 29.12.2017, do expediente de xeración de créditos nº19/17, de acordo co seguinte teor:

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº19/17.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº19/17, por importe de 1.200 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

CONTRATO DE SERVICIOS

Vista a proposta presentada por don José David Martínez Alvarez, en representación de BONA FIDE LEMA SLL, de data 13 de setembro de 2017, para a asistencia técnica e colaboración material na inspección do Imposto sobre Actividades Económicas.

Visto o Informe 52/09 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado “ ámbito y exclusiones de los contratos de servicios. Posibilidad de que el precio del contrato consista únicamente en un porcentaje sobre los rendimientos obtenidos”

Vistos os artigos 10,11 e 138 do Real Decreto legislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A xunta de goberno acorda levar a cabo o contrato de servizos de asistencia técnica e colaboración material na inspección do Imposto sobre actividades económicas, mediante a modalidade de contrato menor coa empresa BONA FIDE LEMA SLL, nos termos fixados na oferta de 13 de setembro de 2017, cun prazo máximo de execución dun ano,consistindo a retribución do contratista nuns honorarios correspondentes ao porcentaxe do 12% máis IVE da débeda descuberta derivada dos procedementos de inspección e sancionador, cun límite de facturación de 18.000 euros máis IVE, e finalización do traballo alcanzado dito límite.

Dase conta do Convenio de colaboración entre o concello de Ribadavia e o Club Ciclista Raiders do Ribeiro , para a organización da 2ª ruta BTT de Ribadavia.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as once horas e vinte minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.